

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2013 pola que se amplían os prazos de presentación de solicitudes e de presentación da documentación xustificativa na Resolución do 2 de setembro pola que se convoca e regula a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para actividades de sensibilización, formación e divulgación en materia de subministración eléctrica (código de procedemento IN107E).

O día 17 de setembro de 2013 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 2 de setembro pola que se convoca e regula a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para actividades de sensibilización, formación e divulgación en materia de subministración eléctrica (código de procedemento IN107E).

No artigo 3 da convocatoria establécese que as asociacións teñen como prazo de presentación de solicitudes ata que se esgoten os fondos económicos ou en todo caso ata o 30 de setembro de 2013. Por outra banda, o artigo 15 das bases establece como data límite para presentar a documentación xustificativa das axudas o 30 de novembro de 2013. Tendo en conta a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e o avanzado nas datas, motivado todo pola xestión interna e atrasos na tramitación da resolución, considérase necesario ampliar o prazo de presentación de solicitudes e polo tanto o prazo de xustificación das axudas.

De acordo co anterior, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento,

DISPOÑO:

Artigo 1

Amplíase o prazo que aparece no artigo 3.3 da Resolución do 2 de setembro pola que se convoca e regula a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para actividades de sensibilización, formación e divulgación en materia de subministración eléctrica (código de procedemento IN107E) do 30 de setembro de 2013 ata 18 de outubro de 2013 (inclusive).

CVE-DOG: zuslko35-k5x7-efc2-1br5-vm9s1hxsgut8



Artigo 2

Amplíase ata o día 20 de decembro de 2013 (inclusive) o prazo para a xustificación das axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 2 de setembro pola que se convoca e regula a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para actividades de sensibilización, formación e divulgación en materia de subministración eléctrica (código de procedemento IN107E).

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2013

Sol M^a Vázquez Abeal
Presidenta do Instituto Galego de Consumo

